

CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARIA DO PLENO	
Data	11 MAI. 2018
ENTRADA	
Hora.....	Núm... 130

## PREGUNTA ORAL SOBRE A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE AUTOBUS CON OCASIÓN DA CONMEMORACIÓN DO BANQUETE DE CONXO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Con ocasión da conmemoración do Banquete de Conxo, celebrada nas xornadas do 21 e 22 de abril, o Goberno municipal contratou a unha compañía de autobuses a fin de que prestase a longo de dous días o servizo de transporte público entre a Rúa da Rosa e o barrio de Conxo.

A decisión resultou sorprendente, se se ten en conta que o operador de transporte urbano -ademais de xestionar unha concesión- por unha parte, ofrece diversas alternativas para achegarse a Conxo, e, por outra, pode realizar servizos especiais a un prezo presumiblemente menor que o resultante da contratación dunha empresa diferente á que presta o servizo de transporte urbano.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte pregunta:

***Cómo se explica que o servizo de transporte público entre a rúa da Rosa e o barrio de Conxo para asistir aos actos conmemorativos do Banquete de Conxo, os días 21 e 22 de abril, non fora prestado polo operador urbano e a canto ascendeu o custo do servizo?***

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018



Alejandro Sánchez Brunete  
Concelleiro do Grupo Popular